

Imaxinación e traballo son as receitas para saír a flote nunha situación complicada

Ordes afronta con espírito construtivo a peor crise mundial dos últimos anos

Os problemas no sector da construción arrastraron ao resto

A comarca de Ordes loita con forza por saír dunha crise que golpea duro en todos os sectores e que obriga a buscar solucións e a traballar en equipo. Representantes de todos os estratos falan da súa experiencia durante estes meses complicados e o panorama que se pinta aínda é bastante negro. Pero a nosa xente non cae no desánimo, sabedo-

Os comerciantes notan o cambio de hábitos dos consumidores

ra de que as crises tamén son unha oportunidade para que cada un de nós deamos o mellor que levamos dentro. A construción, a automoción ou mesmo unha actividade como a xoiería son sectores nos que a situación económica mordeu con forza. Os problemas que comezaron no ladrillo estendéronse a todas partes. » 2 e 3

RECOMENDAMOS

Hugo Torreiro

UNHA NOVA VOZ

O cantautor Hugo Torreiro, saído de Canteira de Cantareiros, prepara o disco «Las llaves de mi corazón», no que tenta levar a súa música ás «almas sosegadas». » 11

Belén Mosquera

DESEÑADORA

Desde Ordes, comezou a facer traxes de nena con papel de periódico e converteuse nun referente na industria da moda. Ela creou un novo concepto. » 6

— O QUEIQUE —

A prensa na escola

Traballar coa prensa nas aulas axuda a desenvolver as capacidades básicas dos alumnos e fomenta o traballo en equipo. Desde hai máis dun cuarto de século, o programa Prensa-Escuela contribúe a que os estudantes galegos complementen a súa formación convertendo o xornal nun libro de texto áxil e dinámico, nun enlace co mundo no que vivimos.

Éxito das xornadas Audiovisual nas Aulas no noso instituto

Audiovisual nas Aulas é o título dunha xornada que ten como obxectivo que os alumnos dos institutos galegos se familiaricen cos segredos dos medios de comunicación e ofrece a posibilidade de ver as tripas do proceso de dobraxe das películas e as series. No IES Maruxa Mallo tivemos a oportunidade de compartir unha sesión con profesionais da talla de Tacho

González, Antón Rubal, Beatriz García e Lucía Cid, voces de moitos personaxes cos que todos fomos medrando. Tamén puidemos comprobar o complicado que é poñer a túa propia voz a alguén que non es ti. Tacho González cóntanos algunhas das claves da súa profesión, á que chegou, coma el di, desde a cámara «dun caixeiro automático». » 5

As campañas electorais poñen a proba unha maquinaria humana moi comprometida

A última campaña electoral puxo en marcha unha maquinaria na que cada peza é fundamental. Son centos as persoas que traballan na sombra dos candidatos para conseguir os mellores resultados. Representantes das tres forzas con presenza parlamentaria contan para A Voz do IES Maruxa Mallo as súas experiencias. Moitos deles teñen que deixar atrás as obrigas familiares e o ocio persoal para entregarse, en corpo e alma, ás súas causas. Cada un desde a súa óptica analizan tamén os resulta-

dos dunhas eleccións que mudaron a fondo o panorama político de Galicia.

O inmenso gasto que supoñen as campañas electorais é un dos aspectos nos que se fan chegar aos cidadáns. Mentres que desde o PP se di que Feijoo gañou «porque fixo propostas concretas», o PSOE ve en Zapatero a un «líder que transformou a sociedade» e o BNG pide maior reflexión. » 4



TAMARA VEIRAS

Os fíos cos que se tece o motor da nosa economía

A industria téxtil en Ordes é un dos motores esenciais da nosa economía, un sector que se caracteriza polo seu dinamismo e a súa flexibilidade. Nos primeiros meses do ano 2009, o téxtil gale-

go prescindiu de tanta xente como no total dos últimos cinco anos. A pesar disto, Galicia segue a ser a principal exportadora de prendas do Estado español, por diante de Cataluña. » 6

Proxecto piloto

Este suplemento especial foi confeccionado por alumnos do IES Maruxa Mallo, de Ordes, coa axuda de docentes e xornalistas. É un proxecto piloto do programa Prensa-Escuela de La Voz de Galicia, que desenvolve a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre en colaboración coa Obra Social de Caixa Galicia.

LOCAL

Iván Raña leva polo mundo o nome de Ordes en letras de ouro » 7

MEDIO AMBIENTE

Ordes disporá de 2 millóns de euros para sanear o Mercurín » 9

SOCIEDADE E CULTURA

Xabier P. Docampo e Fernando Marías falan sobre a literatura que nos interesa » 10

Mucha e Nucha din que no humor aínda non hai demasiadas mulleres » 11

PROTAGONISTA


Fernando Moraleda | Deputado «A produción ecolóxica proclama a preservación de biodiversidade» » 8



Coa colaboración de OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA

PROGRAMA PRENSA-ESCUELA La Voz de Galicia





Empresarios e traballadores confirman que a situación é preocupante, aínda que non caen no desánimo

Ordes loita con optimismo por saír dunha crise que golpea duro

Transportes, automóbil ou construción son algúns dos sectores máis prexudicados pola situación

IES Maruxa Mallo

REDACCIÓN | Está en boca de todo o mundo e, case sen darnos conta, meteuse nas nosas vidas como un membro máis da familia. É a crise, monstro ou pantasma, ameaza seria en calquera caso que acaba por asustarnos a todos. Na comarca de Ordes, empresarios e comerciantes falan dela con preocupación. E, polo que podemos comprobar, a crise non perdoa a ningún sector. O obxectivo máis inmediato é saír dela, e facelo nas mellores condicións posibles.

Manuel Soneira, empresario do ramo da automoción, é un home moi ocupado que leva máis de corenta anos no negocio. No seu negocio, Talleres Soneira, a crise tamén chamou á porta. Di Manuel que «a porcentaxe de vendas baixou bastante, un 39% no meu concesionario, pero aínda está mellor que a media española, que tivo unha caída das vendas dun corenta e nove por cento».

Non obstante, este empresario de Ordes di que non tivo que despedir a ninguén «xa que o traballo aínda é abundante». O máis curioso desta situación é que, segundo conta, «os amaños aumentaron porque a xente, co tema de crise, en vez de mercar un coche novo, aproveita ao máximo o vello».

Soneira recorda unha situación semellante á actual, «cando estiveira o PSOE no poder, hai anos, tamén tiveramos unha crise bastante gorda». Xosé Manuel Gómez Pazos, que leva 17 anos traballando no transporte de mercadorías en Transpuerto, non recorda época coma esta. «Hai moita xente —explica— que di

que os transportistas seguen coma sempre, xa que o gasóleo volveu baixar, pero non é certo». Pensa que a culpa da situación a ten a construción, «xa que está en paro case total», e precisa que «o campo tampouco está a pasar os seus mellores momentos».

En canto á carga de traballo,

Gómez Pazos conta que hai moito menos e que, moitas veces, «tes que botar todo o día parado por culpa de que non hai nada que transportar». Sobre se pensa que, de seguir a situación, haberá que traballar noutro lado, di: «De momento non, pero como todo siga así, creo que moita xente o pensará».

O concelleiro delegado de Urbanismo e Obras de Ordes, Roberto González, pensa que a crise se nota dabondo no concello. «No ano había moitas licenzas por tramitar pero, agora, foron a menos, e no pobo todos notamos a crise, uns máis e outros menos», explica.

González sitúa nun trinta por cento menos a baixada de solicitudes de permiso de obra e iso redundará en que o propio consistorio teña menos recursos económicos, ao ter tamén menos ingresos. Aproveita para adiantar que as obras do novo polígono industrial poderían rematar en dous anos e que, en agosto próximo, confía en que estea rematado o expediente.

Juan Liste Calvo, camioneiro que estivo no paro case cinco meses pero que conseguiu traballo, ve mal a situación «para os que teñen traballo, e peor aínda para os que están parados». Sobre as medidas que tomou o goberno para afrontar a crise, Liste di que non nota «que fixesen nada e, ademais, por riba, danlles os cartos ás grandes empresas en vez de darllos ás pequenas».

Julio del Río, socio de Motorcar Ordes, nota a situación, sobre todo, no descenso de vendas de coches novos, pero é optimista no sentido de que, segundo di, «a cousa non pode ir a peor». Tampouco ve tanto perigo como para pensar no peche da empresa, e cifra nun 50% o descenso das vendas. Non obstante, a impresión percibida no sector comercial e empresarial de Ordes e a súa comarca é de que hai un certo optimismo a medio prazo. A maior parte das persoas entrevistadas cren que a situación xa é tal que non pode ir a peor. O esforzo, o traballo, a solidariedade e o espírito positivo son ferramentas indispensables na situación actual.



OBXECTIVO: VENDER O QUE XA NINGUÉN QUERE

Desde que empezou a crise, os cartéis de «véndese» están por todas partes, sobre todo no sector inmobiliario. Son moitos os que tratan de desfacerse de propiedades que foron mercadas como inversión pero que,

despois de que o sector do ladrillo tocara fondo, convertéronse en verdadeiros problemas económicos. Esta crise foi tocando todos os sectores da economía. O obxectivo agora é saber ata cando. | LUCÍA FERNÁNDEZ.

■■■ Información elaborada con entrevistas feitas por Álvaro Gómez Martínez, Rubén López Candamio, Pablo Caamaño Grellá, Juan José Castillo Carrizales, Abel Gómez Pena e Pablo García Boquete, alumnos de terceiro curso de ESO no IES Maruxa Mallo de Ordes.

conéctate, infórmate, súmate.
caixagalicia

O primeiro paso á solidariedade é un simple clic

Entra en obrasocialcaixagalicia.es, insíbete no noso Boletín Solidario e recibe por correo electrónico a axenda actualizada das nosas actividades

CAIXAGALICIA

www.obrasocialcaixagalicia.es

ENTREVISTA | **HÉCTOR MONELOS** | Director da sucursal de Caixanova en Ordes

«Espero que vexamos pronto unha recuperación»

Laura Candal / Natalia García
ORDES | Estamos na oficina de Caixanova en Ordes co director que nos vai contar un pouco del e do seu traballo. Héctor Monelos é natural da Coruña onde estudou Económicas e Empresariais. Antes do actual posto pasou por moitos traballos, entre eles polo Banco Pastor. A crise tamén se nota nas entidades bancarias.

—**Como lle está afectando a crise a vostede no seu traballo?**

—Creo que nos está a afectar un pouco igual a todos. A crise fai que haxa moita menos actividade nos diferentes sectores económicos. Hai máis xente en paro e como comprenderedes, as caixas e os bancos non son alleos a este momento. Notamos que temos menos actividade, menos xente —por medo ou porque non ten cartos coma antes—. Os cidadáns piden préstamos pero é máis difícil que traian diñeiro porque hai máis gastos.

—**Percibe vostede que as persoas están tendo cada vez**

máis dificultades para afrontar os seus empréstitos?

—Gustaríame dicir que non é así pero a verdade é que si, nótese pouco a pouco. Que a xente, moita dela, quedou sen traballo e que custa máis chegar a fin de mes e, claro, se tes unha hipoteca que pagar ou un préstamo, é máis difícil porque moitas veces esas persoas perderon o traballo. Tamén é verdade que eu creo que en Galicia non se está dando tan forte como no resto de España, pero si que se nota pouco a pouco.

—**Como cre que pode afectar o recente cambio de Goberno en Galicia?**

—Pois creo que aínda é moi pronto para sabelo. Igual non era o mellor momento para cambiar de Goberno porque nunha crise o máis importante sempre é a continuidade. Espero que ben, pero non sabería dicirvos.

—**Como afronta vostede persoalmente que un cliente teña problemas para pagar os seus empréstitos?**

—Ben, eu coma o resto dos



Héctor Monelos di que a crise afecta a todo o mundo | NATALIA GARCÍA PENA

meus compañeiros de Caixanova, afrontámolo poñéndonos un pouco na pel doutra persoa. A xente se non paga non é porque non queira, moitas veces non paga porque non pode. Procuras poñerte no seu lugar, dialogar e buscarlle unha solución. Neste caso hai que falar antes de persoas que de cartos.

—**Para cando cre vostede que poderemos ver a fin desta crise?**

—Máis que a fin, espero que ve-

xamos pronto unha recuperación ou algo que anime a xente. Creo que se están tomando boas medidas, como son a baixada dos tipos de xuro e toda unha serie de axudas por parte do Goberno que van favorecer un pouco que as familias poidan pagar os seus empréstitos. Eu espero que a finais deste ano empece a mellorar un pouco e que xa no próximo poidamos pensar en saír desta situación.

BENITO MARTÍN | Xoieiro

«O ano pasado, en San Valentín, vendín o dobre que este ano»

Daniel Astray / Sergio Candal

A CORUÑA | Benito Martín leva a xoiería Bepibe, na rúa Mariana Pineda da Coruña, desde que se retiraron os seus pais. Este asturiano de nacemento e coruñés de adopción conta como lle afecta a crise ao seu sector.

—**Como levan a situación?**

—Nunha situación limitada. Moita xente, en lugar de querer comprar, vén coa intención de cambiar as súas xoias por cartos, coa idea de volver recuperalas no futuro.

—**A xente compra menos?**

—A xente compra xoias de menos valor e en menos cantidade. O ano pasado, en San Valentín, vendín o dobre que este ano.

—**O ouro é unha boa forma de investir durante a crise?**



Benito Martín di que non é mala cousa invertir en ouro | DANIEL ASTRAY

—Si, nunca perde valor.

—**Que problemas teñen os xoieiros?**

—En crise aumentan os roubos e moitos xoieiros pechan porque o negocio non dá.

MANUEL SONEIRA | Empresario do automóbil

«A xente aproveita ao máximo o coche vello en vez de mercar»

Alejandro Gómez / J.A. Mella

ORDES | A Manuel Soneira, de Talleres Soneira, gústalle moito o seu negocio. Por iso loita cada día para capear o temporal que máis afecta a todo o mundo.

—**Canto baixou a porcentaxe de vendas de coches no seu concesionario con respecto ao ano anterior?**

—Bastante, un 39% no meu concesionario, aínda que está mellor que a media española, que tivo caídas das vendas a un corenta e nove por cento.

—**Moitos tiveron que despedir xente este ano e maio anterior. Vostede tamén tivo que tomar algunha medida semellante?**

—Por sorte, non tiven que despedir a ningún, xa que o traballo aínda é abundante e, ade-



Manuel Soneira di que as vendas baixaron un 39% | ANA MARÍA MELLA

mais, tamén axuda ter un taller, no que os amaños aumentaron. A xente, co tema da crise, en vez de cambiar por un coche novo pois aproveita ao máximo o vello.

OPINIÓN

Rebeca Cambeiro Graña

A crise aos 15

Como todo, a crise non afecta a todos por igual nin todo o mundo ten a mesma visión desta.

Entre os que están acostumados a telo todo, a crise nótase ao non poder mercar un vestido cada semana ou non poder invitar ao do lado cando se vai de festa. Pero tamén é verdade que pode afectar indirectamente ao ver como o veciño traballa precariamente todo o día para poder mercar uns bos libros ós fillos, un primo se queda no paro indefinidamente ou que o resto da familia se vexa apretada todo o mes, co medo de que se surde un imprevisto non dispoñan de recursos suficientes para amañalo.

Cando se chega ó extremo da fame, todo isto vese máis inxusto ao percatarse da cantidade de comida que os máis favorecidos todos os días tiran, máis da que consomen, ao mesmo tempo que mercan obxectos de alto estanding e os olvidan ao seguinte día.

Pódese mirar para outro lado e pensar na crise como problema duns poucos desafortunados pero, certamente, as grandes diferenzas de economías entre cidadáns é máis preocupante e, quizais, a crise é unha consecuencia disto. Ou unha delas.



IES Maruxa Mallo



**E SE NOS DAMOS
UNHA SEGUNDA OPORTUNIDADE?**



Representantes das tres forzas políticas galegas reflexionan sobre un labor que cambia a vida de moitos

Centos de persoas traballan na sombra das campañas electorais

Charo Fernández,
Teodosio Martino e
Esther Couto analizan
as claves das súas
carreiras públicas

IES Maruxa Mallo

ORDES | Aínda que durante as eleccións hai políticos que teñen a fama, moitos outros fan un traballo que apenas valoramos. É o caso de Charo Fernández, profesora do noso instituto e militante no BNG: «Lembro os meus anos no instituto, tomar conciencia de ser unha cidadá galega, de que Galicia necesitaba persoas que puidesen alimentar a conciencia necesaria para que exista a nación».

En canto á política, Charo pensa que «todas as persoas deberiamos adquirir certos compromisos coa sociedade». Ela presentou unha candidatura alternativa a Anxo Quintana na asemblea do BNG do 2006, o cal significa que «non só me gustaría liderar o Bloque Nacionalista Galego, senón que tamén o intente».

A vida dun político ten momentos de moito traballo, pero

tamén é agradable, sobre todo «cando unha persoa ten vocación de servir aos demais facendo o seu traballo político».

Isto é o que opina unha nacionalista, pero se cambiamos aos populares obtemos ideas completamente diferentes. Teodosio Martino Martino, ex alcalde de Ordes e militante no PP, entrou na política a petición dun grupo de amigos. Considera que o seu paso polo Concello de Ordes foi «un período de desenvolvemento». Martino di que a vida dun político «é moi sacrificada para o que queira facer o seu traballo honradamente». En canto á familia, sostén que os seus fillos non querían que seguira, porque non lle quedaba tempo para eles.

«As campañas electorais —conta— procurei facelas sen un gasto excesivo, pero estamos vendo que as campañas fanse a base de diñeiro».

Teodosio Martino repara nos cambios que se producen na vida dun candidato, que muda totalmente porque, como el di, «non tes un minuto libre».

Esther Couto, ex líder local do PSOE e asesora parlamentaria do Ministerio de Cultura, con-



A propaganda eleitoral dá curiosas imaxes | MANUEL RIVAS

fesa que «os socialistas somos persoas que nos involucramos moito en asociacións e na sociedade en xeral». Engade que a tarefa do político «é completamente descoñecida para os cidadáns, porque non temos horarios, nin fins de semana nin festivos».

Para Couto, como tamén para os candidatos das outras opcións políticas, os días da cam-

paña non deixan tempo para a familia nin para o ocio. Sobre a mala fama que teñen algúns, di simplemente: «Podo dicir que hai moita xente que me coñece e que sabe que, para min, a palabra é sagrada».

■■■ Información elaborada con entrevistas feitas por Manuel Rivas Fariñas e Estefanía Pan Vázquez, alumnos de terceiro curso de ESO no IES Maruxa Mallo de Ordes.

CARLOS VARELA

Responsable de comunicación
do grupo parlamentario do PP

«Neste traballo non todo é un camiño de rosas»

Miriam Varela / Noelia Varela

ORDES | Carlos Varela naceu en 1968 en Ordes. Traballou nunha revista e nunha axencia de noticias e empezou con Fraga a comezos dos anos 90. No 2005, incorporouse ao departamento de Comunicación do grupo parlamentario do PP. Concedeu esta entrevista a mediados de marzo.



Varela canaliza a relación cos medios

—En que consiste o seu traballo?

—En esencia, en canalizar a relación entre os deputados do PPdeG e os medios de comunicación. Dar a coñecer o traballo que realizan no Parlamento a través de iniciativas, debates, etc. Boa parte desta actividade dáse a coñecer a través de notas de prensa que elaboramos e distribuímos a través dos medios, pero tamén xestionando a participación en entrevistas, debates e outro tipo de actividades que proporcionan proxección pública.

—Como foi a experiencia de traballar con Fraga?

—Moi gratificante no terreo persoal e no profesional, malia que, en contra do que ás veces poida parecer desde fóra, non todo é un camiño de rosas. É unha actividade que che exige unha dedicación absoluta. Pola contra, tes oportunidade de coñecer moita xente e mesmo de ser testemuña de acontecementos excepcionais. Unha célebre xornalista, María Antonia Iglesias, dicía que falar con Fraga é facelo cun protagonista da historia contemporánea de España. Coincido plenamente con ela.

—Por que cre que o PP gañou as eleccións?

—Penso que hai dous factores principais: o fracaso do bipartito, que tiña ás costas un cúmulo de desencontros, fracasos e condutas pouco edificantes. Por outra banda, Feijoo dedicouse a efectuar propostas concretas sobre os problemas que lle preocupan á xente.

—Traballaría noutro partido?

—Esa posibilidade, nin está formulada nin se vai formular. Diso estou seguro.

CHARO FERNÁNDEZ VELHO | Membro do BNG

«Estase utilizando moito a demagogia, a mensaxe fácil»

M.R. / E.P.

ORDES | Charo Fernández Velho entrou en política ao tomar conciencia no instituto de ser unha cidadá galega. Tomou conciencia de que todos os aspectos da vida veñen ser un traballo político e, finalmente, acabou militando no BNG. —Séntese orgullosa do que fixo ata o día de hoxe en política?

—Todos deberiamos adquirir certos compromisos coa sociedade. Síntome moi orgullosa, sobre todo de ter participado nas plataformas de tipo social. Cando estudaba no instituto implicábase en todo aquilo que se movía, despois participei na Asociación Reintegracionista de Ordes, nas plataformas para a creación deste instituto e contra Sogama e no colectivo que loitou desde Ordes contra a guerra.

—Vostede estaba nas listas do BNG pero quedou fóra. Cal foi o motivo?

—O BNG sacou catro deputados pola Coruña e eu era o número dez, por tanto non chegaron a min.

—Nos mitins, que se sente



Charo Fernández é profesora no IES Maruxa Mallo | EPV

cando se está diante de tanta xente?

—Unha vontade tremenda de comunicar, expresar e explicarlle á xente como é o teu proxecto, de maneira que o entendan e que comprendan que o traballo político pode ser algo moi valioso.

—Os novos políticos están actuando correctamente?

—Ultimamente se está utilizando moito a demagogia, a mensaxe fácil, faise pouca reflexión. Habería que pararse máis a reflexionar e a explicar os proxectos e os obxectivos dos mesmos.

ESTHER COUTO | Asesora parlamentaria do PSOE

«Habería que estudar como se fai o orzamento das campañas»

M.R. / E.P.

ORDES | Esther Couto entrou na política para axudar a resolver os problemas da xente. Foi concelleira en Ordes e agora, en Madrid, é asesora parlamentaria do Ministerio de Cultura.

—Como cambia a vida dun político segundo sexa ou non elixido para o cargo?

—Moito. Un cargo é unha responsabilidade pero, para as mulleres, aínda máis. Se temos unha familia, fillos por exemplo, a política require moito tempo a costa do que lle dedicamos aos nosos. Por iso moitas mulleres non se meten nisto. Eu son un exemplo de que si se pode estar nun cargo político, traballar toda a semana para el e levar unha familia con normalidade.

—Séntese orgullosa do que leva feito?

—Moito. Do que máis é de ser a primeira muller en Ordes en presentarse a alcaldesa, e en ser a primeira deputada da comarca. Encantárame que as mulleres viran en min un exemplo.

—Paga a pena invertir tanto tempo e diñeiro na campaña electoral?

—Seguramente debería estudar-



Couto foi a primeira muller en presentarse a alcaldesa de Ordes | P.R.

se o modo no que se realiza o orzamento das campañas electorais en España; pero ser, son necesarias, como necesaria é a política por máis que sexa moi criticada.

—Cambiaría algunha forma de actuar de Zapatero?

—Zapatero é un líder, unha persoa que transformou a sociedade. Agora non o vemos, pero o tempo mostrará canto cambiou a sociedade española e cantos avances sociais se lograron. Amañarialle as cellas.

—Volvería a Galicia?

—Por suposto. Na política camiñamos por etapas.

Recoñecidos actores galegos mostraron no instituto como se pon á voz nas personaxes da televisión

Os estudantes do IES Maruxa Mallo fan de actores de dobraxe

Lidia Sabel / María Tasende

ORDES | O pasado mércores día 29 de abril, a maioría dos alumnos de terceiro de ESO do IES Maruxa Mallo, tivemos o pracer de participar nunha actividade de dobraxe moi interesante e divertida. Para a actividade acudiron ao instituto catro importantes dobradores que levamos anos escoitando na Televisión de Galicia: Antón Rubal, Tacho González, Beatriz García e Lucía Cid. Tamén viñeron dous técnicos de son, Joaquín Riera e Manuel.

O acto iniciouse ás dez e media e tivo lugar na biblioteca. Antón Rubal, presidente da Asociación de Dobradores, foi o que rompeu o silencio falándonos da historia e da técnica da dobraxe. Estes profesionais traballan tanto en galego como en castelán e incluso algún deles, como Tacho González e Beatriz García, tamén prestan o seu rostro a personaxes

de cine e televisión.

Todos pensamos que o traballo destas persoas é un dos máis sinxelos que hai, pero eles mesmos non fixeron ver que a cousa non é tan así, é un traballo que require moito esforzo, paciencia e, desde logo, concentración, entre outras cousas, xa que temos que entoar ben o texto, é unha lectura interpretada.

Tamén debemos lograr que a nosa voz coincida perfectamente coa do actor da pantalla e iso, desde logo, non é unha tarefa moi sinxela. No momento no que remataron as explicacións, tivemos uns minutos libres, que coincidiron co recreo; aí Tacho foi rodeado por todo o alumnado do instituto que non parou de facer fotos con el.

Ao volver do recreo, proseguimos coa actividade, pero desta vez o que nos ensinaron foi como funcionaba todo no instante da gravación, aí foi cando tiveron que intervir os téc-



Os alumnos comprobaron o difícil que é este traballo | L. MANTEIGA

nicos de son. Nese momento moitas das voces nos resultaron moi familiares. Pero o que máis nos sorprendeu foi que o noso profesor de galego, Xosé Manuel, tamén dobrara en moitas ocasións a actores coñecidos por todos. Os «expertos da dobraxe» puxeron voz a moitos dos personaxes das películas e series que rapaces coma nós estabamos acostumados a ver. Foi realmente increíble poder oír os resultados das gravacións que con tanto entusiasmo e concentración gravaran para que nós puideramos ver, tanto o resultado como o procedemento.

Pero para a nosa sorpresa, Tacho díxonos que nese momen-

to tiñamos que facelo nós. Vivimos, aínda que só fora unha vez, o pracer de facer o seu traballo, co que podemos comprobar que non resulta nada sinxelo dobrar a voz de alguén e que este mesmo proceso pode levar moito tempo. Foi moi divertido, sobre todo cando os técnicos de son nos deixaban oír o que nós mesmos graváramos.

Pero esta actividade tiña que chegar á súa fin, polo que á unha e media da tarde tivemos que despedir a estes magníficos dobradores galegos. A actividade foi realmente divertida e aprendemos moito con ela, mesmo das persoas que dobran as nosas series, películas e debuxos animados en galego.

EVA FERNÁNDEZ

Alumna de Expresión Teatral

«Se seguimos subindo así, non sei quen virá o ano próximo»

Tamara Veiras

ORDES | Eva Fernández Veiras, alumna de Expresión Teatral, participou na xornada Audiovisual nas Aulas. A ela parécelle ben que se dobren as películas ao galego, o mesmo que fai con outros idiomas.

—Co paso do tempo as máquinas poderían chegar a substituír as persoas no traballo da dobraxe. Gustaríache que isto sucedese?

—Non, non me gustaría nada! Sería... non sei... aburrido quizais, porque ás veces sóache unha voz e non sabes de quen é, e ao final sábelo cando a volves escoitar. E as máquinas, en ocasións, si poden substituír o home, pero aquí non.

—Que aprendiches con esta actividade?

—Moitísimo. Pensei que este traballo era moito máis doado e que o podería facer calquera. A verdade non é nada fácil, e hai que estudar e facer unha carreira como noutras profesións.

—A actividade de Audiovisual nas Aulas faise todos os anos no IES Maruxa Mallo, cres que debería continuar?

—Por suposto. Eu xa participara o ano pasado facendo unha curtametraxe con persoas que coñecía e, a verdade, é que o pasei moi ben con todos e rin moito. E este ano trouxeron dobradores de películas e series e ata a Tacho, que é moi coñecido por todos na televisión. Se seguimos subindo así, non sei quen virá o ano próximo.

—Nesta actividade son moi importantes os técnicos de son. Despois de veres como traballan, que dirías sobre esta profesión?

—Que quizais sexa a máis importante dentro da dobraxe, colocando as gravacións, mirando que queden ben...

—Gustaríache repetir?

—Si. Paseino moi ben. Aínda que era unha sensación un pouco estraña.

—Como te sentiches dobrando diante dos compañeiros?

—Bastante tranquila, aínda que sexa raro en min. Limíteme a pensar: «Aquí non hai ninguén, só estou eu» e saíu como saíu que eu aquí non son experta.

—E cando te aplaudiron?

—Sentínme importante [ri]. Pensaba que as persoas que son moito máis coñecidas ían ser bordes por estar cansos da xente e levei unha agradable sorpresa.



Eva di que lle gustaría repetir a experiencia

ENTREVISTA | TACHO GONZÁLEZ | Actor e dobrador

«De pequeno quería ser enxeñeiro de camiños»

Elisa Gestal / Lidia Remuñán

ORDES | Actualmente é coñecido grazas a *Padre Casares*, que está a ter unha chea de seguidores. Tacho González pensa que o éxito é un misterio, pero que ten moito que ver co traballo dos actores, que se fan bastante próximos ao público. «Ademais —di— as historias son moi realistas, aínda que ás veces esaxeradas. Creo que é divertida».

—Xa van pola cuarta tempada, cantas máis cre que se pode emitir?

—Chega un momento no que hai que ir pensando en parar, o público abúrrese, non lle imos estar dando todo o tempo *Padre Casares*. Eu penso que un par de tempadas máis aínda pode aguantar.

—Nesta serie interpreta a Sindo, un home que é dominado pola súa muller. Pensa que na realidade as mulleres son as dominantes?

—Penso que si, sempre digo que é peor na vida real, xa que o de Sindo é mentira.

—Neste intre está traballando nalgún outro proxecto ademais da serie?

—De momento teño bastante con *Padre Casares* e coa dobraxe, que é a actividade á que me dedico dende hai moitos anos. Se aparece algunha oportunidade de facer algunha pelícu-

la, pois será benvida. Pero eu prefiro ir facendo as cousas con calma e facelas o mellor posible.

—Ao ter tanto traballo, ten tempo para a súa familia ou para ocio?

—Que remedio me queda, senón peor aínda que Sindiño. Entón si que me botan da casa. Para ocio, non todo o que quixera, pero para a familia teño que buscar o tempo como sexa.

—É moi duro estar boa parte do día metido entre as cámaras?

—O das cámaras non é o peor, penso que o peor é estar concentrado, metido nunha sala na que non sabes se é día ou é noite. Cando estás gravando en exteriores é moi divertido, a actividade é máis amena, máis entretida; pero cando estás nun plató ou nunha sala de gravación de dobraxe, chega un momento en que se che fai pequeno, necesitas ir ver como é o día, ver se chove, se vai sol, necesitas ver o mundo exterior.

—Cantos personaxes dobrou ao longo da súa filmografía?

—A verdade é que non sei, perdín a conta, lembro algúns aos que lles teño especial cariño como a James Stewart, ao pato Lucas, ao oso Yogui, a Shrek... Pero a verdade é que non sabería dicirche cantos dobrei.

—Cal foi para vostede o papel



A primeira experiencia de Tacho coas cámaras foi nun caixeiro | E. PAN

máis complicado que tivo que interpretar?

—Penso que o que tes diante en cada momento. Quizais o máis difícil foi unha rodaxe que tiven que facer en inglés, xa que non é un idioma que domine, e iso supuxo un traballo extra de memorización. Ao mellor sabía máis de memoria o texto en inglés, porque como non tiña tantos recursos como no galego ou no castelán para improvisar, tiña que levar moito máis sabido.

—Sempre se di que é moi difícil chorar na televisión, vos tede ten algún truco para facelo?

—Ultimamente les un xornal e xa te botas a chorar sen pensar moito, só coas primeiras páxinas, é cuestión de buscar a situación, o momento, os recursos na túa memoria...

—Dende pequeno xa tiña claro que se quería dedicar ao mundo da televisión?

—Eu de pequeno quería ser enxeñeiro de camiños, pero a cousa cambiou polo camiño. De casualidade estaba no momento oportuno e no lugar oportuno. Había unhas probas e díxeronme que me presentara pero a miña experiencia previa coas cámaras fora nun caixeiro automático.



Viriato, radicada en Ordes, é unha das grandes empresas do sector téxtil galego e os seus produtos teñen proxección en multitude de mercados | TAMARA VEIRAS

Galicia é a principal exportadora de prendas de España, por diante de Cataluña ou Valencia

O téxtil galego destaca polo seu dinamismo e a súa flexibilidade

Entre os anos 2000 e 2007 perdéronse 2.180 postos de traballo no sector

IES Maruxa Mallo

ORDES | Desde os anos oitenta ata os nosos días véñense producindo en Galicia e no resto de España unha notable evolución no sector téxtil. Grazas á competitividade acadada, produciuse a aparición de múltiples empresas altamente cualificadas, cuns bos medios de distribución e un produto final de calidade e deseño.

No mundo da moda, son factores importante tanto o deseño como a imaxe, razóns que axudan á boa aceptación do sector téxtil galego onde destacan uns deseñadores que crean prendas moi traballadas. As nosas principais zonas de produción son: Arteixo, A Coruña, Santiago, Vigo, Ferrol, Lalín, San Cibrao das Viñas, Ourense e Redondela.

O sector téxtil galego destaca polo seu dinamismo, flexibilidade e capacidade de adaptación. Por iso acadou fama a nivel mundial como o demostra que varias firmas de renome teñen presenza en todo o mun-

do: a UE, Oriente Medio, o Leste asiático, Sudamérica e América do Norte.

Así que Galicia é a principal exportadora de prendas de España, por diante de rexións historicamente vinculadas ao sector como Cataluña e a Comunidade Valenciana.

Portugal é o maior receptor da roupa confeccionada en Galicia. No primeiro semestre do ano 2008 destináronse ao seu mercado prendas por un valor superior a 104 millóns de euros. Os seguintes destinos principais foron Francia, Italia, Grecia e México.

Nos últimos anos debido aos baixos custos de produción que ofrecen países de Oriente e do Leste europeo, a moda galega tivo que adaptarse aos cambios sen perder competitividade. Isto provocou un gran descenso do traballo.

Entre 2000 e 2007 perdéronse 2.180 postos de traballo. Ante esta situación as empresas, para poder competir con estes países, comezaron a producir neles as súas prendas básicas aínda que conservando na comunidade os seus departamentos de deseño e a confección de produtos máis exclusivos.

No 2009 eliminouse tanto persoal como en cinco anos

As empresas do sector establecidas en Galicia desfixéronse nos primeiros meses do ano de 2.453 empregados. Desde CC.OO. asegúrase que nos sesenta primeiros días de 2009 elimináronse tantos postos de traballo como nos últimos cinco anos. A destrución de emprego no téxtil non é un fenómeno exclusivo de Galicia, onde, en realidade, parece que a caída foi a máis atenuada do Estado. A comunidade autónoma contaba a finais de 2008 con 2.500 empregados menos que en 2003, aínda que avanzou a produción.

■■■ Información feita polas alumnas de terceiro da ESO Raquel Martínez Pulleiro, Lorena Carneiro Lozano, Sofía Rodríguez Duarte e Nuria Suárez Uzal.



BELÉN MOSQUERA | Deseñadora

«Dende pequena xa facía traxes á miña irmá con periódicos»

S. Rodríguez / N. Suárez

ORDES | Belén Mosquera é deseñadora de moda e confección e estilista dende hai catorce anos. Actualmente traballa nun Atelier de moda a medida e exclusivo

—Cando decidiu ou cando se deu conta de que quería ser deseñadora?

—Dende moi pequena facía lle vestidos á miña irmá con papel de periódicos e ela desfilaba pola casa. Miña nai tiña unha colcha de cor branca, que non me deixaba cortar, entón eu sempre facía vestidos diferentes con imperdibles e con alfinetes e como a colcha tiña que quedar igual, iso axudábame a ser moito máis creativa, ao ter tantos impedimentos, iso dábame moito xogo para facer cada día un vestido diferente.

—Lograches exactamente o obxectivo que tiñas fixado?

—Creo que iso non se logra nunca porque sempre estás experimentando. Eu, por exemplo, cando empecei, nunca



Belén Mosquera | X.A.S.

pensei que traballaría nunha empresa de punto, que é unha especialidade moi pequena e moi concreta de todo o conxunto do sector téxtil. Digamos que ninguén se viste de punto de pés a cabeza, dalgún modo, é un accesorio, igual que te pos uns pendentes, uns colares... é un accesorio dentro da vestimenta pero, empecei alí, gustoume e axudoume a especializarme nun tema que non todos os deseñadores coñecen porque nas escolas danse cousas máis xenéricas.

JOSÉ MATTEOS | Deseñador

«Normalmente, era o raro do grupo pola miña vestimenta»

L. Carneiro / R. Martínez

ORDES | Natural de San Sebastián, mudouse a Galicia cando aínda era un neno. Co seu talento e gusto pola moda, José Matteos comezou a formarse neste campo dende moi novo, en centros de Galicia e do estranxeiro. Actualmente utiliza as súas habilidades para deseñar prendas exclusivas da súa propia firma

—O deseño sempre foi a túa vocación?

—Desde que teño uso de razón sempre me gustou todo o relacionado co mundo creativo. Xa de pequeno customizaba as miñas prendas. Teño levado máis dunha rifa por botarlle lixivia ou pintar con rotuladores os vaqueiros. Normalmente, era o raro do grupo polo meu tipo de vestimenta.

—Como comezou isto da moda para ti?

—Aínda que pasei a miña infancia nunha vila de San Sebastián, Lasarte, por esas cousas da vida a miña familia chegou a Ordes. Cando terminei a EXB



José Matteos

tiven a gran sorte de que en Ordes se encontraba o único centro público da época en Deseño e Moda de toda Galicia, así que me dispuxen a iniciar os meus estudos de moda. A decisión foi difícil e complicada pero non me arrepinto. Fun o primeiro rapaz que se matriculou en Moda, converténdome no raro do pobo.

—Se non foses deseñador que che gustaría ser?
—Supoño que me tería dedicado a calquera oficio creativo ou relacionado coa arte.

Iván Raña, o home de ferro

Despois de triunfar como triatleta, un dos veciños máis ilustres de Ordes ábrese camiño no mundo do ciclismo profesional nas filas do Xacobeo Galicia

REPORTAXE
Leticia García / Paula Fraga

ORDES | Sempre paga a pena falar cun veciño ilustre como é Iván Raña, aínda que dar con el sexa unha tarefa complicada.

Iván, o máis grande triatleta que ten dado Ordes, comezou a practicar este deporte cando tiña uns quince anos. «Agora estou traballando —di— entre catro e cinco horas pero, anteriormente, cando me dedicaba ao triatlón, tiña que adestrar unhas seis ou sete horas diarias».

Raña está agora entregado ao ciclismo profesional, un soño que tiña desde a infancia: «Presentouseme a oportunidade para realízalo e non a deixei pasar, aproveiteina».

Os adestramentos son duros, aínda que sempre queda algo de tempo para a vida privada. En calquera caso, el sempre busca momentos para «gozar da miña vida persoal».

Di Iván que meterse no ciclismo profesional, practicamente partindo de cero, non supuxo para el un gran problema: «É cuestión de adaptarse», di.

Xa se marca metas, obxectivos difíciles, pero nunca imposibles,

como son gañar unha Volta Ciclista a España ou «algunha carreira a nivel semellante», aínda que sabe ben este ordense que iso é algo que supón non pouco esforzo.

Sobre a posibilidade de viaxar a Londres no ano 2012 para participar nos xogos Olímpicos, di que é algo máis ca unha posibilidade. Pero, non irá como ciclista profesional, senón outra vez como triatleta.

Unha das experiencias máis duras que lle tocou vivir foi unha aparatosa caída no circuíto urbano de Mallorca: «Foi algo duro, doeume bastante a luxación acromio-clavicular, pero así que pasaron uns cinco días, xa puíden volver adestrar de novo».

«E que pasaría se a Iván Raña non se fose ben no ciclismo profesional? El teno claro: «Espero que iso nunca pase pero, se pasa, creo que decidiría practicar de novo o triatlón».

Támén ten pensado que fará o día que toque retirarse. Ser adestrador ou desempeñar algunha profesión que teña relación co deporte é o obxectivo. Sempre queda aí a súa paixón polos ralís.



Iván Raña leva o nome de Ordes aos primeiros postos dos podios

«Ao principio dábame medo velo no fondo da piscina»

Pouca xente pode estar máis orgullosa de Iván Raña que a súa nai, Lina Fuentes Noya. Conta que, xa de pequeno, o rapaz pegáballo a todo: os patíns, o monopatín, corría, nadaba... «A natación, agora, quizais sexa o que máis lle aburre», conta Lina.

Os pais de Iván nunca pensaron que podería chegar tan arriba. Se o animaron a facer deporte, conta a nai, «foi para quitalo dos malos vicios que hai na rúa, para que estivese nun ambiente bo».

A primeira vez que o pequeno Iván trouxo un trofeo de natación á casa, cuns cinco anos, Lina saltou de alegría. «Aínda me daba medo velo no fondo da piscina, nunca o vira facendo un largo».

Otra emoción grande foi cando a vila de Ordes lle dedicou un paseo e unha piscina. Lina di que cando Iván sae de Galicia «é como se levava un cartel no lombo, todo o mundo o coñece, tanto a el como á familia». Confesa que foi especialmente intenso o triunfo nas olimpíadas: «Todo o mundo falaba del e agora xa non, porque xa dan por feito que sempre o fará ben e gañará».

ENTREVISTA | MOU | Líder de Dios ke te Crew

«A xente que nos ve pola rúa di: mira eses melenudos»

Lucía Fernández / Tania López

ORDES | Dios ke te Crew formouse no 2003 como un xeito de que varios músicos locais o pasaran ben, pero agora traballan en serio. Mou é un dos seus membros máis coñecidos.

—Por que vos xuntastes?

—Levamos xuntos desde pequenos, viviamos no mesmo lugar e fomos xuntos ao colexio. Xuntabámonos para escoitar algunha das poucas cintas de música que nos chegaban e, un día, ocorréusenos coller un micrófono e unhas cintas e comecemos a gravar en plan diversión.

—Por que hip-hop?

—Foi o que máis nos chamou a atención nesa época. Agora ensaiamos tres veces

á semana.

—A vosa primeira gravación foi na banda sonora da película «Hai que botalos». Iso favoreceu o voso éxito?

—Foi o primeiro tema que se coñeceu e tamén saíu un deudevé, onde aparecía todo o mundo do *artisteo*.

—Que vos gusta máis, facer grafitos ou cantar?

—Non sei, hai de todo. Eu prefiro facer música. Penso que os grafitos teñen máis futuro que a música, porque non hai moita xente que os faga, e sobra xente que cante.

—Cambiou o xeito de compoñer?

—Si. Antes facíamolo máis ben en plan broma, pero agora facémolo en serio. Ao



Mou cuida da súa imaxe, aínda que os «melenudos» tamén poden ser artistas | TAMARA VEIRAS

mellor é porque fomos crescendo.

—Realizades talleres e exhibicións onde ensinades as artes da cultura hip-hop. Vai moita xente aprender «break dance» ou grafito?

—Cada vez apúntase máis xente nova. O

máis complicado dos grafitos é controlar as boquillas, as cores que funcionan mellor para tapar outras... Ten o seu aquel.

—Páranvos na rúa?

—O que a xente adoita dicir é: «Mira eses melenudos».



ENTREVISTA | FERNANDO MORALEDA

DEPUTADO DO PSOE POR CIUDAD REAL E EX SECRETARIO XERAL DE AGRICULTURA

«A innovación non é incompatible coa produción ecolóxica»

Defende unha boa xestión e manexo da explotación para potenciar o desenvolvemento da agricultura ecolóxica, pola que aposta en firme

Belén Picón / Lidia Martínez

ORDES | Fernando Moraleda ten a súa residencia en Madrid. Como era difícil achegarnos ata el, enviámoslle as preguntas por correo electrónico. A súa secretaria, Yolanda del Arco, recibiu e contactou con nós moi atentamente e o señor Moraleda contestounos as preguntas que lle enviámos con unha amabilidade exquisita.

—**Que concepto ten vostede da agricultura ecolóxica?**

—É unha agricultura querida por determinados agricultores e máis apreciada aínda polos consumidores. Hai que potenciala sendo conscientes das súas limitacións de prezo e produtividade cando se planea a súa substitución pola agricultura tradicional.

—**Por que cre vostede que o compost é o método máis empregado na agricultura?**

—O compost é o compoñente máis característico dos *inputs* que se utilizan na agricultura ecolóxica, dada a súa composición en materia orgánica de orixe natural. A consecuencia positiva é que a produción obtida ten un maior valor económico.

—**Temos coñecemento de que hai varios tipos de agricultura ecolóxica. Cal cre que é o máis económico?**

—Entendo que nos referimos a modelos produtivos xa que a agricultura ecolóxica é unha, por ter un único marco de regulación, o Regulamento 834/07. O control sobre ela é, polo tanto, unha garantía para o consumidor. Pero, ademais, os nosos sistemas tradicionais extensivos, tanto agrícolas como gandeiros, ofrecen unhas excepciónais aptitudes para adquirir a certificación ecolóxica sen grandes esforzos.

—**E produtivo?**

—Neste aspecto a produción

ecolóxica non se distingue demasiado da convencional, sendo os sistemas máis tecnolóxicos os de maior produtividade. Neste sentido algo debe quedar-nos claro: a innovación e a tecnoloxía non son incompatibles coa produción ecolóxica xa que esta é como calquera outra actividade económica. En primeiro lugar, e desde un punto de vista normativo, deben cumprir coa normativa comunitaria e superar os procedementos de control e certificación. Os principios e os requisitos aplicables na agricultura e gandería ecolóxica están contemplados na normativa comunitaria dende os principios dos anos noventa.

—**Este cumprimento afecta por igual a todos os países da UE?**

—Claro que si, como dixemos o marco normativo é común para todos os estados membros da UE, o Regulamento 834/07. Ademais todos os países reportaran actividades de control e inspección á Comisión Europea que supervisa, incluso sobre o terreo, a actividade dos mesmos.

—**Como se pode saber se os alimentos están libres de residuos químicos?**

—A produción ecolóxica, como principio xeral, limita ao máximo a utilización de produtos químicos. Iso non quere dicir que o produto non teña trazas de produtos químicos xa que poden ser naturais. En calquera caso, os procedementos de control inclúen a toma de mostras e análises para atopar produtos non autorizados.

—**Que recursos renovables se poden utilizar na agricultura?**

—Moi sinxelo, cantos máis, mellor. Como principio xeral e fundamental a produción ecolóxica proclama a preservación da biodiversidade, o mantemento ou



Moraleda aposta pola boa xestión e manexo das explotacións | JUANJO MARTÍN

incremento dos recursos naturais e a redución máxima de elementos externos ao sistema produtivo.

—**Que métodos se poden empregar para evitar a contaminación?**

—Se por contaminación entendemos a aparición de elementos externos non desexados na nosa explotación, sen dúbida o máis apropiado é un bo manexo e xestión da mesma. Por suposto, un bo sistema de trazabilidade na mesma e de control dos subministradores. Algo que, por outra parte, é condición necesaria na boa xestión dunha explotación ecolóxica.

—**Cales son as pragas e enfermidades que máis poden afectar ás plantas?**

—As plantas e animais empregados nos sistemas ecolóxicos non deixan de ser o que son, seres vivos e polo tanto susceptibles de sufrir patoloxías. Outro dos principios da produción ecolóxica é a loita preventiva contra

as enfermidades, para iso, un bo manexo esíxese como esencial. É obvio que en canto á produción ecolóxica, os sistemas son menos intensivos, son menos frecuentes as enfermidades vinculadas a densidades altas de cría ou cultivo.

—**Como se pode potenciar o bo desenvolvemento das plantas?**

—A resposta é unha boa xestión e manexo da explotación. Coi-dar as plantas de maneira adecuada ás súas características é o primeiro paso para o seu bo desenvolvemento. Sen dúbida, outro elemento esencial a destacar é o uso de variedades autóctonas ou adaptadas ao medio no que se pretenden poñer en produción.

—**Agora estase empezando a utilizar algas como abono. Parécelle unha boa opción?**

—Se son aptas para o uso en produción ecolóxica, están autorizadas e satisfán as necesidades dos profesionais, por que non?

«O meu mellor patrimonio de valores sociais e políticos adquirino na UPA»

Fernando Moraleda Quílez (Ciudad Real, 1956) ocupou diversos cargos relacionados coa agricultura. Desde 1987 foi secretario xeral da Unión de Pequenos Agricultores e Ganaderos (UPA), reelixido en cinco ocasións. Tamén foi membro do Comité Económico y Social Europeo e ocupou o cargo de secretario xeral de Agricultura e Alimentación ata o 2005, cando foi nomeado secretario de Estado de Comunicación, ao lado do presidente Rodríguez Zapatero, na Moncloa.

Na actualidade, ocupa escano por Ciudad Real no Congreso polas filas do Partido Socialista Obrero Español (PSOE).

Fernando Moraleda considera que o seu paso pola secretaria xeral da Unión de Pequenos Agricultores y Ganaderos (UPA) foi o mellor da súa actividade pública.

—**Aprendería moito durante esa etapa...**

—O meu mellor patrimonio de valores sociais e políticos adquirino nesa longa etapa de dezasete anos.

—**Por que se decidiu pola Química á hora de facer os seus estudos superiores e non por calquera outra materia?**

—Era a única opción de ciencias no Colexio Universitario de Ciudad Real e o meu expediente en Químicas no bacharelato era bo. Se engado o meu bo profesor no instituto, o resultado non podía ser outro.

—**E por último, foi difícil o paso da vida profesional á carreira política nas filas do Partido Socialista Obrero Español?**

—Se vos referides a formar parte da lista de candidaturas por Ciudad Real, non. O PSOE foi moi xeneroso ao propoñerme como deputado nas eleccións xerais do pasado ano. Espero poder devolver aos cidadáns a confianza.

CÓCTEL MORTAL:

IES Maruxa Mallo por un consumo e conducción responsables

Prevención e resposta rápida son as claves do éxito ante os incendios

Loitar contra o lume é unha tarefa que nos toca a todos

Manuel Rivas Fariñas

ORDES | Dende o 3 ata o 15 de agosto producíronse en Galicia un total de 1.970 incendios, deixando catro mortos e un ferido. Os incendios máis graves situáronse nas provincias da Coruña e Pontevedra, con 28.000 e 38.500 hectáreas dun total de 77.000 queimadas; isto segundo a Xunta de Galicia.

A cifra varía segundo o organismo que consultemos, incluso o PP eleva o dato a 175.000 hectáreas.

Os que realmente loitan contra o lume son os bombeiros como Bruno García Mallo, xefe do equipo de Arzúa: «O noso traballo é máis duro do que a xente pensa; traballamos en quendas de vinte e catro horas e temos moito tempo de inactividade». Ademais de duro é perigoso, de feito, di Bruno, cando a xente retrocede dous pasos «nós temos que avanzar tres».

Este bombeiro tamén estivo nos incendios do 2006: «Houbo incendios moi grandes e para combatelos fixo falla moito esforzo e dedicación».

Nese tráxico mes ardeu o 3,81% do espazo forestal de Galicia e a



A maior parte dos lumes son provocados polo home | ESTEFANÍA PAN / M. RIVAS

reboación do monte «é custosa en tempo, as institucións públicas invisten o diñeiro en cousas máis inmediatas como as estradas, pero a reboación forestal é un investimento a longo prazo».

Esta é a opinión dun bombeiro, pero que opinan os nosos políticos? Jesús Pedreira, concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Ordes asegura que «o mes de agosto foi un mes terrible e moi preocupante» e di que os incendios «son sempre provocados pola man do home», xa

sexa directa ou indirectamente. Tamén precisa que «o mal estado do monte influíu moito».

Algo no que tampouco coinciden os políticos é nos gastos que supuxeron os incendios para Galicia. Mentres a Xunta falaba de noventa millóns de euros, un informe de Caixa Galicia elevaba a cantidade en torno aos trescentos millóns. «As solucións son evidentes: desenvolver tarefas de prevención e a resposta rápida e ben organizada dos traballos de extinción», conclúe Jesús Pedreira.

O Concello enfróntase ao BNG e a Adegas por causa da conservación dos cauces fluviais

Ordes disporá de dous millóns de euros para acondicionar o Mercurín

Javier Prego / Jacobo Vieites

ORDES | A Xunta destinou nos últimos meses dous millóns de euros para o saneamento e acondicionamento do río Mercurín, unha boa nova para o Concello de Ordes.

Esta axuda chega logo dos enfrontamentos que comezaron en outubro pasado, cando Montserrat Rei, en representación de Adegas, informaba da intención de denunciar o Concello de Ordes ao Seprona pola tala indiscriminada de árbores na beira do río. O edil do BNG Ramiro Recouso acusou a institución de ser a única responsable da tala e das edificacións que se estaban a facer ao lado deste.

O Concello ordense respondeu alegando que a tala fora autorizada pola Consellería de Medio Rural, que non notificara o permiso, e acusou a Adegas de manipular as informacións sobre a cortada do río Mercurín.

O goberno de Ordes emprendeu accións legais contra



Vista do río Mercurín | S. ALONSO

a presidenta de Adegas e contra o portavoz do BNG.

Foi imposible unha conciliación xudicial entre ambas partes no mes de novembro.

O BNG seguiu facendo presión sobre o Concello, pedíndolle explicacións tamén sobre as verteduras de Sogama neste río e no Lengüelle e pediu explicacións sobre a aparición de 3.000 troitas mortas. Adegas animou aos concellos de Ordes, Tordoia e Cerceda a presentarse na causa xudicial.



«A forza das minorías» é o título do congreso da International Board on Books for Young People

Santiago será no 2010 capital da literatura infantil e xuvenil


Manuel Rivas Fariñas

ORDES | Santiago acollerá dende o oito ata o doce de setembro do ano 2010 o trixésimo segundo congreso da IBBY (International Board on Books for Young People – Organización Internacional para o Libro Xuvenil) que ten como lema *A forza das minorías* e que se centrará nas literaturas feitas para xente nova desde as linguas e culturas minoritarias como a galega.

Tamén se ve como minorías aqueles grupos de persoas aos que lles é difícil o acceso á lectura e á cultura. Por iso facilitarlle a lectura a nenos con disca-

pacidade é un tema que preocupa ó IBBY dende hai anos, e desa preocupación xurdiu o Centro IBBY dos Libros Infantís e Xuvenís para Nenos con Discapacidade, de Oslo, e nun futuro crearase o Centro IBBY das Literaturas Infantís e Xuvenís da Diversidade Cultural, de Santiago.

Este congreso conta con exposicións sobre a ilustración en España, as literaturas infantís e xuvenís e unha mostra fotográfica que recollerá as experiencias de lectura no mundo, así como exposicións en varios museos de Santiago. Tamén haberá actividades co-



mo as cerimonias de apertura e clausura do Congreso, as sesións de narración oral *Contos a carón do candil*, un recital poético-musical, o concerto de Músicas do Mundo, visitas guiadas polo casco histórico de Santiago, pola Ruta Literaria de Compostela, aos museos e conventos de clausura da capital de Galicia, e un itinerario guiado pola arquitectura contemporánea da cidade.

Neste encontro participarán figuras recoñecidas como Teresa Colomer (Cataluña), unha das máis destacadas investigadoras de literatura infantil e xuvenil; Heidi Cortner (Noruega), directora do Centro de Documentación IBBY dos libros para nenos con discapacidades; ou Emilia Ferreiro (México), unha das grandes autoridades internacionais en temas de alfabetización.

ENTREVISTA | **FERNANDO MARIÁS** | Escritor

«A tarefa do escritor está viva; móvese e fala»

Tamara Veiras / M.J. Gómez

ORDES | O 18 de febreiro fixo unha presentación do seu libro *Cielo abajo* no IES Maruxa Mallo de Ordes. O escritor e Premio Nacional de Literatura Xuvenil Fernando Mariás (Bilbao, 1958) ten gañado numerosos galardóns internacionais.

—**Que é a literatura para Fernando Mariás?**

—É bastante simple: escribir é poñer coas palabras adecuadas aquela historia que te namorou, de forma que namore tamén a quen o lea.

—**Os premios axudan a valorar a un escritor?**

—Os premios son un magnífico escaparate, por suposto que axudan. A min o Nadal, en concreto, cambioume a vida.

—**Por que «Cielo abajo»?**

—Algúns títulos xorden de forma espontánea, veñen sos. *Cielo abajo* paréceme o perfecto para esta novela. Por unha banda suxire esa caída libre cara ao desastre que ameaza aos personaxes, e por outro, contén o xiro do parágrafo final do libro, onde todo «dá a volta».

—**Canto tempo necesitou para documentarse?**

—Dediquei bastantes meses, lin todos os libros sobre a batalla de Madrid, a Guerra Civil e a aviación, documentais sobre a época... Para escribir un libro hai que ler todo o que ten que ver co tema en cuestión, aínda que logo non o mostres de forma explícita no que escribes.

—**Sente especial predilección por algunha das súas obras?**



Fernando Mariás visitou e IES Maruxa Mallo de Ordes | TANIA LÓPEZ

De todos os seus libros, cal non recomendaría?

—Para mozos *Cielo abajo*, e tamén *Zara y el librero de Bagdad*, moi similar de concepto á primeira. Para adultos, *Esta noche moriré*, que acaba de lanzar a editorial 451.

—**Como se define no seu traballo?**

—Son moi vago, loito contra a preguiza. E logo, cando encarrilo unha novela, xa non paro ata terminala. Pero non me mato traballando.

—**A maioría dos seus libros son de suspense, gustaríalle cultivar máis algún outro xénero?**

—Iso non o decido eu, senón a miña mente, o meu inconsciente, a evolución da miña vida... A tarefa de escritor está viva; móvese e fala.

—**Que consello lles daría aos mozos que queren entrar no mundo da creación literaria?**

—Que conten só aquilo que realmente queren contar, aquilo que necesitan contar.

ENTREVISTA | **XABIER P. DOCAMPO** | Escritor

«Se decidides vivir en galego, haberá galego para sempre»

TV. / M.J.G.B.

ORDES | Xabier P. Docampo obtivo en 1995 o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *Cando petan na porta pola noite*. Porén, pensa que os premios non cambian o traballo de creación literaria.

—**Cada escritor ten unha definición persoal de literatura. Cal é a súa?**

—A miña non é miña, é do poeta portugués Fernando Pessoa: «A literatura é un esforzo por facer real a vida».

—**Segundo conta no prólogo de «Cando petan», os contos da tradición oral son o que máis lle gusta. Hai algo máxico neles?**

—Na tradición está todo o que ha permanecer, non lembro quen dicía aquilo de que todo o que non é tradición é moda. Pero, no caso dese libro, a min o que máis me interesou dos contos tradicionais era a forma, a súa estrutura literaria, máis cás historias que contaban, por iso nese libro as historias son da miña invención, só así podería centrarme na forma de narrar que escoitei na miña infancia.

—**Hai galego máis alá do normativo?**

—Hai galego até onde o queirades levar a xente nova. Sen vós non hai galego para as xeracións futuras, por iso quero aproveitar para vos lembrar a responsabilidade que tedes. Se vós o falades, se o escribides, se o demandades dos vossos amigos e amigas, se o esixides dos poderes políticos e da sociedade, en fin, se decidi-



Xabier P. Docampo anima aos mozos a ler todos os días | DNL

des vivir en galego, haberá galego para sempre e faredes que o esforzo dos que pasamos antes polo mundo non fose inútil. Agora ben, se non o facedes así, se non llelo falades aos vossos fillos cando os teñades, seredes os responsábeis históricos da súa desaparición.

—**Sente especial predilección por algunha das súas obras? Cal nos recomendaría?**

—Eu quérolle por igual a cada unha das obras que escribín, pero sempre sinto un afecto especial pola última, *O libro das viaxes imaxinarias*, esa sería, logo, a que vos recomendaría.

—**Que consello lles daría aos mozos que queren entrar no mundo da creación literaria?**

—Está claro: que lean. Que lean moito, aí está o cerne do oficio, aos grandes clásicos. Os galegos deben ler a Cunqueiro todos os días, el fixo maxistralmente todo: a narración, a poesía, o teatro, o artigo xornalístico...

Un comité organizador que conta cos nomes máis importantes das letras e da cultura

O comité organizador deste congreso está formado por vinte mestres, escritores, editores e xornalistas, entre os que salientan: Xabier Cid, xornalista e consultor en tecnoloxías electrónicas; Paula Carballera, escritora, actriz, contacontos e directora de teatro infantil; Xabier P. Docampo, escritor, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1994; Xosé A. Neira Cruz, escritor e profesor da USC; e Gloria Sánchez, escritora, mestra, ex presidenta da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) e Premio Lazarillo no 2000. A raíña Sofía presidirá o comité de honra formado polo Presidente da Xunta de Galicia, a ministra de Cultura o conselleiro de Cultura o alcalde de Santiago e Patricia Aldana, presidenta do IBBY.

■ OPINIÓN ■

Estefanía Pan Vázquez

De medo

Lin *Cielo abajo* de Fernando Mariás e *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Docampo. Os dous recibiron o Premio Nacional de Literatura Xuvenil, pero parecen moi diferentes. O primeiro trata feitos históricos e o segundo recolle historias de medo claramente inventadas. Sen embargo, os dous manexan moi ben a tensión: o libro de Mariás non tarda moito en atraparte na súa intriga de morte e misterio e co de Docampo pasas moitísimo tempo lendo os relatos, sobre todo se os deixas para a noite. Así que se os les, xa sabes o que hai: sofres pero non podes abandonar, quedas atrapado na historia ata a última páxina.



ENTREVISTA | **XOSÉ ANTONIO TOURIÑÁN E MARCOS PEREIRO, «MUCHA E NUCHA»**

HUMORISTAS

«Témoslle moito cariño ao Supermartes: acabamos con el»

Pensan que son máis guapos que Os Tonechos, prefiren non pensar no día que se teñan que separar e recoñecen que, no humor, aínda hai máis homes que mulleres

Eva Fernández Veiras

ORDES | Estes dous grandes humoristas máis coñecidos como *Mucha e Nucha* están gañando máis éxito aos poucos. Podemos recoñecer as outras series como *Air Galicia* ou *Padre Casares*.

—Nótase a escaseza feminina no mundo do humor?

—Marcos. Si [rin].

—Xosé Antonio. Nótalo o público cando ve a tele, iso que hai mulleres humoristas moi boas, nós temos compañeiras estupidas. A que traballa con Marcos en *Air Galicia* por exemplo, Isabel, é unha fenómeno. Pero si, somos máis os homes.

—M. E non sei ben tampouco o motivo. Á parte aquí, en España, e no mundo non hai tantas mulleres facendo humor.

—X. A. De toda a vida no circo os pallazos foron sempre homes. Ao mellor había esa cousa cultural de que a muller non podía facer o ridículo, como outras moitas cousas que estaban mal vistas nas mulleres. Agora, por sorte xa non é así.

—A aparición na televisión aumentou a clientela do bar?

—M. Pois seguramente que si.

—X. A. Eu creo que tamén, non moito porque estamos en crise pero si. Sempre vén xente a osmar a ver se estás ou a ver como es.

—Din que a subida de audiencia do «Luar» é grazas a vós. Que opinades sobre isto?

—M. Pois que é verdade.

—X. A. Si é verdade, porque cada vez téñennos máis tempo alí na pantalla é iso na televisión sempre é por interese. Todo se fai por algo, non son casualidades.

—M. En teoría iamos para cinco minutos e agora estamos corenta, por algo será non así por así.

—Imaxinabades que iades colleitar tanto éxito?



Touriñán e Pereiro son a outra cara de Mucha e Nucha | ÁLVARO NOYA

—X. A. Creo que non. Home, sabiamos que as cantareiras gustaban, nós levabamos un lote de tempo facendo monólogos por bares e xa sabiamos que a xente nas tabernas e nos bares rían. Sabes? Antes de ir ao *Luar* estívenos no Orellas en Ordes!

—O humor en galego pode convidar a que moitos se pasen ao galego?

—X. A. Eu creo que si. Nótalo en moita xente cando intenta falar contigo que é castelanfalante e intentan falar galego. E ao mellor sabes que esa xente nunca falaría galego e polo menos con nós si fan o esforzo. Así que se vale para que un pouquiño un o intente... e eu creo que si. E non quita que cando está de moda o humor, e fas coñas, e tes frases e maneiras de falar pode suceder que un castelanfalante te vexa, lle guste e intente facer as *gracias* como as fas ti.

—Os Tonechos comezaron como vós. É posible que sexades o seu relevo?

—X. A. Somos mulleres, non homes, e polo relevo como parella, e tamén polo resultado, polo éxito, porque a xente lle gustaba. Tamén subiu a audiencia cando estaban os Tonechos e hai moitas cousas que son parecidas, é humor en galego.

—M. Somos máis guapos nós. —Os dous non sempre son eternos. Tendes falado sobre como enfrontaríades a vosa separación o día que chegue?

—X. A. Se o temos falado? Non. Pero é mellor falalo cando te levas ben e arranxalo. É como cando te divorcias. Pero non temos pensado iso. Levamos tempo xuntos pero non pensas iso. Cando chegue, se chega algún día, en vez de separarte, colles a outro e así podes facer un trío para levarnos mellor.

—M. Somos amigos de sempre.

—X. A. Nunca o pensamos. É que tamén traballamos por separado e iso axuda a non cansarte, polo menos a min, ás veces canso del, pero é como todo. Ti non te cansas nunca de aguantar a túa nai cando está na casa? Pero non marchas da casa. Iso pasa en todas as parellas, ás veces quéreste moito e algunhas veces lévaste mal. Non hai problema polo de agora. Iso non quita que me enfade eu agora!

—Os vosos personaxes caracterízanse por unha mestura da inocencia dun neno, das arroutadas adolescentes e de expresións cheas de sabedoría dos vellos. Facédelo a propósito para mover a identificación dos públicos de distintas idades?

—M. Jová!

—X. A. Que definición! Sempre nos preguntan como nos definiríamos e iso é unha definición estupenda. Respóndelo ti na pregunta e a verdade é iso, dicimos moitas cousas que lles escoitamos aos maiores, Mucha é máis inocente que Nucha, é como un cativo pequeno. Aprendemos facendo o pallaso e o pallaso é como un neno pequeno que pode facer calquera cousa ou dicir calquera animalada que non o fai por mal. Nucha é tan parviña que di cousas que non se lle ocorrería dicir a ninguén. É verdade, fas unha descrición perfecta, pódensola deixar apuntada para cando nos pregunten?

—Cando lembrades o «Supermartes» tomádelo ben ou preferides non lembralo?

—[Os dous]. Témoslle moito cariño ao *Supermartes*; acabamos con el. Foi a primeira vez que saíron as cantareiras na televisión e gardamos moi bo recordo. Levámonos moi ben con Piñeiro.

Hugo Torreiro prepara «Las llaves de mi corazón», un disco para almas sosegadas

Andrea Ariño

ORDES | Este rapaz de O Temple, de dezaioito anos ten no mercado un cedé e está a preparar outro. Hugo Torreiro está nos seus comezos, así que de momento non é coñecido a un nivel moi alto. A súa música diríxese a un público que non busca música moi movida senón que procura un estilo máis sosegado.



Hugo Torreiro considérase un rapaz sinxelo

O programa de televisión que lle deu a súa primeira oportunidade foi *Luar*, por mor da súa participación no concurso *Canteira de cantareiros*. Deste primeiro disco, *Nada que ver*, vende trescentas copias. Agora está xa a preparar o segundo cedé que leva por título *Las llaves de mi corazón*.

O cantautor di que subiu por primeira vez a un escenario en Boiro, cando tiña quince anos, cantando temas propios como *Simplemente* ou *Buenas noches, corazón*.

Da vergoña inicial pasou a sentir respecto polo público, e cando está nun escenario pensa en animar a xente e facelo o mellor posible.

Hugo compaxina os seus estudos nun ciclo superior coa música e o fútbol, «algo bastante complicado», segundo conta. Pero di que estudar e cantar «son partes fundamentais da miña vida, o fútbol é máis ben unha afección e os amigos entenden que ás veces non podo estar aínda que queira». Hugo Torreiro compón todos os seus temas e toca o piano, a guitarra, a batería e a trompeta. Sobre todo, considérase «un rapaz sinxelo, con inqueanzas como toda a xente nova e por suposto moi soñador».

A morte de Álvaro Ussía reformula o ocio nocturno

Vanessa Fraga / M. González

ORDES | As accións que desenvolveron os alumnos do colexio Monte Tabor de Pozuelo de Alarcón, a raíz da morte do rapaz Álvaro Ussía, falecido tras unha malleira á entrada dun local nocturno, foron moi útiles porque produciron cambios importantes na sociedade.

O director deste centro, Juan Antonio Perteguer, destaca a «resposta pacífica, serena», destes mozos ante a violen-

cia da morte do seu amigo. A situación derivou nunha nova lei que regula a actividade dos porteiros e unha mellora na seguridade das discotecas.

Di Perteguer que hai que reflexionar acerca do que supón o ocio nocturno e o papel dos porteiros nas discotecas: «Non están para amedrentar, senón para axudar os clientes, que son xente nova».

O uso e abuso do alcohol e das drogas no ocio nocturno,

pensa este educador, «é algo que debe preocupar á nosa sociedade».

E, no caso da morte de Álvaro, máis que de racismo fala de «unha violencia descoñecida ata agora na nosa cultura», derivada da globalización. Para rematar, incide na necesidade da presenza de adultos nos lugares de ocio, «para que regulen e protexan os adolescentes e que estean debidamente preparados».



ENTREVISTA | **ALBERTO SACIDO E NACHO MIRÁS**
RESPONSABLES DO PROXECTO PILOTO A TÚA VOZ PARA O IES MARUXA MALLO

«Traballar co xornal na clase motiva e desenvolve as competencias básicas»

«A Voz do IES Maruxa Mallo» é unha experiencia piloto que pretende fomentar o espírito de equipo e implicar nun proxecto a toda a comunidade educativa

IES Maruxa Mallo

ORDES | O xornal que tedes nas vosas mans é o resultado dunha iniciativa do Programa Prensa-Escuela de La Voz de Galicia, desenvolvido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre oca colaboración de Obra Social de Caixa Galicia. Pretende achegar o xornal e o xeito de traballar dos xornalistas ás aulas dos centros de secundaria de Galicia. O noso instituto tivo a sorte de ser elixido para a experiencia piloto. O profesor do CPI de Bembibre Alberto Sacido e o xornalista e tamén profesor de Xornalismo da USC Nacho Mirás achegaron os seus coñecementos para que esta aventura chegara a bo porto.

—Cales son os fins deste proxecto piloto de Prensa-Escuela?

—[Alberto] Pensamos que elaborar un xornal nas aulas é unha oportunidade para desenvolver todas as competencias básicas dos alumnos, dándolles a posibi-

lidade de investigar en calquera disciplina, traballar en equipo e utilizar as novas tecnoloxías mediante o traballo por proxectos. Ademais da ocasión aos profesores de colaborar entre eles e motivar os alumnos.

—Como xurdiu a vosa relación e a idea deste plan?

—[Nacho] Coñecémonos hai máis de dez anos, cando Alberto chegou un día a La Voz, cos seus alumnos de Bembibre. A partir de aí, comezamos a colaborar e iso deu como froito que o xornal que eles facían, *A Chave*, se convertera nun dos referentes da prensa escolar de España, con recoñecidos premios (pesados gañaban sempre). Un día dixémosnos: E por que non exportar este modelo a todos os centros de Galicia? Nesas estamos, probando con vós, que soades un pouco os «coellos de indias» e que, por certo, nos tedes impresionado co voso traballo.

—Pódese pensar que facer un xornal en clase é unha perda de



Nacho e Alberto, en pleno proceso de edición do xornal | PAULA FRAGA

tempo. Que dicides vós?

—[Alberto] Os obxectivos básicos das novas leis de educación céntranse no desenvolvemento das competencias, é dicir, conseguir que saibades facer as cousas e non tanto *chapar* para despois soltalo e esquecerlo. Nesta actividade aprendedes facendo, investigando, lendo, escribindo, cooperando e to-

cando a materia de moitas das vosas asignaturas.

—[Nacho]. As noticias que hai neste xornal son as que vos interesaron a vós, de aí que fose tan grande a motivación.

—[Alberto]. En definitiva, poderíamos resumir que traballar co xornal na clase motiva e desenvolve as competencias básicas dos alumnos.

DESDE ORDES

Manuel Rivas Fariñas

Xornalistas

Foi un proxecto moi duro e laborioso. Dende o mes de xaneiro estívenos investigando, preparando, buscando, realizando e transcribindo as nosas entrevistas, que foi a parte máis difícil. Moitos entrevistados non nos quixeron atender e algúns de nós tivemos que cambiar varias veces o enfoque do traballo, o cal pode chegar a resultar moi frustrante.

Aínda así, facer un xornal na clase é un traballo moi bonito e confío en que sigan realizando proxectos deste tipo. Nós somos os primeiros, pero estou seguro de que, ao saír ben, volverase repetir no futuro.

Grazas a este traballo tiven a oportunidade de adquirir coñecementos e ter acceso, de primeira man, á opinión doutras persoas moi interesantes.

Estou moi agradecido a todos os que fixeron posible este proxecto que será, sen dúbida, un bo recordo para que, no futuro, botemos a vista atrás e recordemos aqueles días nos que nos metemos na pel dos xornalistas e traballamos todos para un.

MEDIO AMBIENTE

Caixagaliciarnos
é coidar o noso
medio ambiente

implicáte. conciénciate. protéxete.

caixagaliciate

Caixa Galicia contribúe á protección do medio ambiente organizando actividades de educación ambiental, de sensibilización e de promoción de hábitos e condutas coherentes cun desenvolvemento sostible.

Hoxe con Caixa Galicia é posible. Ti falo posible.

CAIXAGALICIA